



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO

Por Resolución desta Alcaldía núm. 196/2020 de 17 de febreiro de 2020, aprobáronse as bases e convocatoria do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal a tempo parcial dun/ha asesor/a xurídico/a do CIM do Concello de Muros e a elaboración dunha bolsa de traballo, que se transcriben a continuación

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DUN/HA ASESOR/A XURÍDICO/A DO CIM DO CONCELLO DE MUROS E A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO.

1. Obxecto da convocatoria

Ten por obxecto esta convocatoria a provisión mediante contrato laboral de duración determinada por obra ao servizo a tempo parcial dun asesor/a xurídico/a do Centro de Información á Muller e a elaboración dunha bolsa de traballo en réxime de contratación laboral temporal a tempo parcial mediante calquera das modalidades de contratación previstas no Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. As datas de inicio e de finalización dos contratos serán os establecidos na resolución da contratación.

2. Características dos postos

Área de subscrición: Servizos sociais e promoción social

Outros coñecementos: CELGA 4 ou equivalente.

Denominación do posto: Asesora/or xurídica/o

Duración: ata o 31 de marzo de 2021

Grupo: I

Xornada: 10 horas semana

Soldo: 654,14 €

Funcións: As enumeradas no artigo 13 do decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, entre as que se atopan a Información e asesoramento xurídico, colaboración na elaboración de memorias e documentos e calquera outra función que, dentro do seu ámbito de actuación, lle encomende a persoa que exerza a dirección do CIM.





CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

3. Sistema de selección

O sistema de selección será de concurso-oposición, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 8 destas bases.

Se o xulga oportuno, o tribunal poderá requirir á persoa aspirante que acadase maior puntuación para a realización dunha proba práctica. Para a valoración desta proba, e durante o proceso selectivo, o tribunal poderá requirir a asistencia dun/dunha técnico/a ou profesional capacitado. De non superarse a proba práctica, o tribunal requirirá á seguinte persoa aspirante por orde decrecente de puntuación.

4. Requisitos das persoas aspirantes

Para poder formar parte desta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), permita o acceso ao emprego público.

b) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

No caso de persoal laboral, non ter sido separada mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

c) Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.





CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

d) Ter a titulación de grao, ou equivalente, en Dereito e contar con formación e experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón do xénero.

Enténdese como formación en materia de igualdade por razón de xénero, experiencia en igualdade de oportunidades por razón do xénero ou formación e experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón do xénero, débese entender incluída a formación e/ou a experiencia en materia de violencia de xénero.

Esta formación acreditarase mediante a xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades, e a experiencia coa acreditación de ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou de ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I (entidades de acción voluntaria).

e) Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A acreditación da competencia en lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao sistema de certificación de lingua galega (CELGA), actualmente vixente, ou ás súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten documentalmente a competencia da en lingua galega (CELGA 4, ou equivalente), ou que non estean en condición de acreditala documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega, de conformidade ao previsto no punto 8 destas bases, e que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

5. Incompatibilidades

A prestación de servizos no CIM por parte de calquera persoa física ou xurídica ao abeiro dunha relación funcionarial, laboral, mercantil, administrativa ou de calquera outro tipo, será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ao servizo do CIM, a súa imparcialidade





CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

ou independencia, así como o cumprimento dos principios establecidos no artigo 4 do decreto 130/2016, do 15 de setembro.

Sen prexuízo do anterior, será incompatible para calquera persoa física ou xurídica a prestación de servizos no CIM coa realización de actividades profesionais de asesoramento xurídico con respecto ás persoas usuarias do servizo. Ademais, no caso do asesoramento xurídico, tampouco se poderá realizar esta actividade a favor de persoas con que as persoas usuarias manteñan unha relación litixiosa, se esta situación implica a vulneración do establecido no parágrafo primeiro deste número.

6. Forma e prazo de presentación de instancias

As solicitudes/instancias para formar parte do proceso selectivo presentaranse no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 9.00 a 14.00 h), no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no BOP da Coruña.

Igualmente, estas solicitudes tamén poderán presentarse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia mediante fax (981 762 257), ou enderezo electrónico (notifica@muros.gal), durante o mesmo prazo ca o de presentación de instancias. En caso contrario, quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

Os/as aspirantes poderán obter copia do Anexo II (modelo de solicitude) no Rexistro Xeral do Concello e na sede electrónica do Concello de Muros (<https://sede.muros.gal>)

Xunto coa solicitude/instancia (Anexo II asinado), os/as aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI
- b) Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos no apartado 4 (Anexo II).
- c) Declaración responsable de que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndose a presentar os orixinais no caso de que lle sexa requiridos (Anexo II).





CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

- d) Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Non se valorarán os méritos que non estean debidamente presentados dentro do prazo de presentación da solicitude.
- e) As persoas discapacitadas deberán facelo constar nas súas instancias sinalando se precisan adaptación das probas. A condición de persoa con discapacidade acreditarase coa certificación correspondente expedida polo órgano competente.
- f) Acreditación da titulación prevista no punto 4 d) das bases.

7. Admisión das persoas aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Nesta resolución, que se publicará na sede electrónica (www.sede.muros.gal), indicarase as iniciais e o DNI codificado das persoas admitidas e excluídas, coas causas da exclusión, e concedendo un prazo de tres días hábiles para a corrección da documentación necesaria para participar no proceso. No caso de que non existan persoas excluídas, a lista de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de corrección de documentación.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos achegados dentro do prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración os que se acheguen con posterioridade ao remate do prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo.

As reclamacións será aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as; na mesma, determinarase o lugar, data e hora de comezo do proceso selectivo, así como a composición definitiva do tribunal. Esta resolución publicarase na sede electrónica do Concello de Muros.

8. Tribunal cualificador

O Tribunal, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade e profesionalidade e paridade entre homes e mulleres, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), estará conformado por unha presidencia, unha secretaria e tres vogalías con titulación igual ou superior ao requirido para o postos de traballo que se pretende cubrir.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar en todo caso o/a presidente/a e o/a





CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

secretario/a. De todas as reunións que celebre o tribunal, a secretaría redactará a correspondente acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarano á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das administracións públicas. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran estas circunstancias.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nelas (recadando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte de asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos)

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores/as; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, clasificaranse consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo (e normativa concordante e/ou substitutiva)

En todo o non previsto nestas bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

9. Procedemento selectivo

Coa resolución comprensiva da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a publicar na sede electrónica, determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo.

Os sucesivos anuncios sobre puntuación e realización das probas da fase de concurso e de oposición, publicaranse na sede electrónica.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluída, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.





CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

Os exercicios da fase oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio, agás o que, de ser o caso, se deba realizar para a acreditación do coñecemento do galego (no que os/as aspirantes serán cualificados como apto ou non apto).

Os/as aspirantes terán un prazo de dous días dende a publicación dos acordos do tribunal para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal. O tribunal publicará todos os acordos na sede electrónica. O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 15 puntos, que se desenvolverá como se detalla a continuación:

A. Fase de oposición, ata un máximo de 10 puntos

a) Primeiro exercicio:

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de 30 minutos, dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os/as aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,50 puntos, mentres que as erradas restarán a puntuación en 0,20 puntos.

b) Segundo exercicio, apto/non apto.

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 4 ou equivalente) terán que realizar unha proba obrigatoria de competencia en lingua galega, antes do inicio da fase de oposición. O Servizo de Normalización Lingüística municipal asesorará ao tribunal e colaborará na confección e corrección da correspondente proba.

A proba determinaraa o tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para o CELGA 4.

Esta proba será cualificada como apta ou non apta e quedarán eliminados do proceso selectivo aquelas persoas que non acaden a cualificación de apto, dado que non cumprirían o requisito esixido no punto 4.e) destas bases.





CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Unicamente se publicarán as cualificacións das persoas aspirantes que superaron a proba, o que se fará mediante anuncio na sede electrónica do Concello de Muros, dispoñendo a persoa candidata dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

B.- Fase de concurso de méritos, ata un máximo de 5 puntos

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 3 puntos

Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes: 0,50 puntos por mes de servizo ou parte proporcional do mesmo, se é o caso.

Forma de acreditación dos servizos: Fotocopia compulsada do contrato de traballo e certificación de vida laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e as funcións desempeñadas. Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial. No caso de que a relación fose funcional, deberán acreditarse os servizos mediante o nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Se os servizos derivan dunha actividade por conta propia acompañarase obrigatoriamente a copia do contrato de servizo que dera lugar a experiencia alegada e a alta no réxime correspondente. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e a función desempeñada. Non se valorarán as actividades por conta propia nas que non se achegue esta documentación.

A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, a documentación que se presente fóra deste prazo será considerada achega de nova documentación fóra de prazo e non se terá en conta.

A experiencia laboral no Concello de Muros será acreditada polo propio concello previa declaración dos servizos prestados.

b) Formación, ata un máximo de 2 puntos

Por cursos de formación impartidos por administracións públicas, entidades dependentes destas, centros oficiais de ensino ou entidades privadas, homologados por calquera administración pública e relacionados co posto de traballo a maiores da titulación exixida. Se a duración se establece en créditos, cada crédito equivale a 10 h.

- a) Cursos de 200 horas ou máis: 1,00 puntos.





CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

- b) Cursos de 100 a 199 horas: 0,75 puntos.
- c) Cursos de 50 a 99 horas: 0,50 puntos.

10. Resolución e creación dunha bolsa de traballo

A puntuación final obterase sumando as puntuacións acadadas en cada fase do proceso selectivo. No caso de desempate na puntuación final, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a obtención da nota máis alta no primeiro exercicio da oposición. Se persistise o empate resolverase mediante sorteo público ante o tribunal.

O tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, propoñendo a Alcaldía do Concello as persoas seleccionadas e as persoas que formarán parte da bolsa de traballo por orde decrecente, e establecerase un prazo de dous días naturais dende a publicación da lista para a presentación de reclamacións. No caso de existiren reclamacións, reunirase novamente o tribunal para resolvelas.

A proposta do tribunal, aprobada por Decreto da Alcaldía, notificarase telefonicamente ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral, deixando constancia do resultado do chamamento pola persoa que o realiza. O chamamento farase sempre empezado pola primeira persoa dispoñible da lista.

As persoas integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de pre relación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para as persoas que son chamadas finaliza, retornarán ao posto que tiñan na lista.

Unha vez aceptada por parte das persoas seleccionadas o posto de traballo, as novas substitucións deberán fundamentarse nos supostos de renuncia, licenzas ou baixas por IT, o que condicionará a modalidade de contratación.

Poderá facerse uso desta bolsa de contratación por razóns de necesidades do servizo. Esta lista terá vixencia ata a creación dunha nova e a súa derogación expresa. As comunicacións de comparecer a ocupar un posto realizaranse telefonicamente, o que quedará acreditado no expediente a través da oportuna dilixencia asinada polo empregado público que as leve a cabo. Se no momento de ser chamado un/ha candidato/a renunciara, dita renuncia pode considerarse por "causa xustificada" ou "non xustificada".





CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Considéranse como causas xustificadas á renuncia a ocupar un posto de traballo ou a renuncia dun contrato en vigor, o que o suporá non perder o seu lugar na lista, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente do interesado ou dun familiar no primeiro grao (acreditado mediante informe ou parte médico), ou estar ocupada laboralmente (acreditado mediante contrato de traballo e/ou alta en calquera réxime da SS).

O/a candidato/a terá que achegar a documentación acreditativa das causas, antes do seguinte chamamento. Se polo contrario ao ser chamado/a renuncia ao posto sen causa xustificada, ou sen acreditar a mesma, pasará a ocupa-lo último posto da lista.

A renuncia ao contrato ou rescindir o contrato laboral xa asinado antes da súa finalización sen causa xustificada producirá que o/a aspirante pasará ao final da lista.

11. Incidencias

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo iso, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases

12. Normativa aplicable

O proceso selectivo rexerá polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

13. Financiamento

O proxecto financiarase con recursos procedentes da subvención solicitada a Xunta de Galicia Resolución do 19 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade con imputación nas partidas do Orzamento municipal de 2015 - prorrogado 20/231.13102 e 20/231.16000. As retribucións dos postos de traballo quedan fixadas na cláusula 2ª destas bases, en euros brutos mensuais, por todos os conceptos, máis a indemnización por remate de contrato. Este proceso selectivo esta vinculado a concesión desta subvención. No caso de que o Concello de Muros non sexa beneficiado desta axuda, este proceso selectivo quedará sen efecto.





CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

14. Recursos

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contaránse desde o día seguinte á publicación da resolución. Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao contencioso-administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

ANEXO I

TEMARIO

1. Decreto 130/2016 do 15 de setembro. Funcións e obxectivos dun Centro de Información ás Mulleres (CIM).
2. Recursos sociais para as mulleres. Centros, servizos e programas. O caso de Galicia.
3. Asistencia xurídica gratuíta. Requisitos, procedemento e regulación legal.
4. Leis de Igualdade: Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes de Galicia.
5. Violencia de xénero: Concepto, orixe, causas e transmisión. Tipos de violencia ás mulleres. Motivo da perdurabilidade. Factores desencadeantes. Prevención e protección Integral.
6. Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica.
7. Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra á violencia de xénero.
8. Medidas xudiciais de protección e seguridade das vítimas. Suspensión da patria potestade ou custodia, do réxime de visitas e do dereito á tenencia, porte e uso de armas. Mantemento das medidas de protección e seguridade. Quebrantamento de condena.





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

9. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

10. Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Muros 17 de febreiro de 2020

A alcaldesa

Asdo.. María Inés Monteagudo Romero

